

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

PARA ESTUDOS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

FACULTADE DE FILOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| Versión | Data | Órgano(s) |
|----------------|-------------------|--|
| 1 | 07/03/2017 | Comisión de Calidade do Centro Xunta de Facultade |

1. Principios xerais

A Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela presenta un Plan de Acción Titorial para as titulacións de grao e máster impartidas no Centro, que inclúe actuacións de diverso tipo encamiñadas a proporcionarlle ao estudantado o máximo asesoramento e orientación posibles nas distintas etapas da súa estadía na Universidade. A titorización e orientación recóllense no SGIC e constitúen, ademais, un dos máis firmes compromisos da Facultade de Filoloxía, como demostra a participación dun gran número dos seus membros no deseño e desenvolvemento das distintas accións:

- O decano/a da Facultade
- O equipo decanal
- Os coordinadores/as de grao e itinerario e coordinadores/as de máster
- Os coordinadores/as de curso e os coordinadores/as de materia
- Os coordinadores/as de intercambio
- Os titores/as e coordinadores/as de prácticas externas
- Os alumnos/as titores
- O Persoal de Administración e Servizos

Estas accións a nivel de Centro complementan a orientación académica e seguimento do alumnado que o profesorado leva a cabo de maneira regular (recepción de estudantes no despacho e sesións de titorías en grupos reducidos), así como os servizos e recursos xerais de orientación e atención ao estudantado que ofrece a institución: Oficina de Orientación Universitaria ([OIU](#)), Unidades de Xestión Académica ([UXA](#)), Servizo de Relacións Exteriores ([SRE](#)), Área de Orientación Laboral e Emprego, Servizo de Participación e Integración Universitaria ([SEPIU](#)).

2. Estrutura do Plan de Acción Titorial (PAT)

Baixo este Plan de Acción Titorial organízanse actividades dirixidas a orientar os estudantes en diferentes aspectos da súa vida académica e do seu futuro profesional, agrupadas en varios eixes: actividades de información e promoción dirixidas a estudantes potenciais, sesións de orientación para estudantado de grao (propio e de intercambio) e de máster, sesións de orientación continua e sesións de orientación profesional.

2.1. Actividades de promoción e información dirixidas a estudantes potenciais

O obxectivo destas actividades é promocionar os títulos da Facultade e ofrecer información sobre os estudos que se imparten e a súa estrutura. Algunhas das actividades realízanse en colaboración co programa [A Ponte entre o Ensino Medio e a USC](#), mentres que outras son organizadas desde a propia Facultade. Inclúense aquí as seguintes accións:

- Presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio en centros de secundaria, feiras e xornadas de orientación universitaria.
- Recepción de alumnado de ensino medio na Facultade en xornadas de portas abertas.

- Difusión da oferta formativa da Facultade a través de folletos, trípticos e outro material impreso.

2.2. Sesiões de orientación

O seu obxectivo é favorecer a integración do estudante no ámbito universitario, estimular a súa aprendizaxe e apoiar o deseño da súa carreira profesional e a busca de emprego.

2.2.1. Orientación inicial ao estudantado de grao

2.2.1.1. Estudantado propio

- Xornada de benvida ao estudantado de grao de novo ingreso.
- Oferta de cursos de formación en competencias transversais e informacionais.
- Acompañamento a través do [programa de alumnos tutores](#).

2.2.1.2. Estudantado de intercambio

- Xornadas de benvida ao estudantado de intercambio.
- Atención tutorial do Responsable Académico de Mobilidade da Facultade.

2.2.2. Orientación inicial ao estudantado de mestrado

- Sesiões informativas de acollida para estudantes de máster.

2.2.3. Orientación continua

- [Apoio tutorial extraordinario](#).
- Sesiões informativas sobre os programas de mobilidade de estudantes.
- Sesiões informativas sobre a oferta de prácticas externas.
- Xornada informativa sobre a oferta de módulos complementarios e optativos dirixida a estudantes de 1º e 2º cursos.
- Sesión informativa sobre o TFG.
- Sesión informativa sobre a oferta de estudos de máster da Facultade dirixida a estudantes de 4º curso.
- Titorización académica individualizada para estudantes de máster.
- Sesión informativa sobre o TFM.

2.2.4. Orientación profesional

- Xornadas informativas sobre oportunidades de estudo e prácticas en institucións e empresas.
- Actividades de orientación laboral e saídas profesionais.
- [Bolsas e ofertas de emprego](#) na web da Facultade.

3. Valoración e revisión da actividade titorial

Para todos aqueles que realizan tarefas de titoría na Facultade é fundamental coñecer a valoración feita polo estudiantado, que se traducirá posteriormente en propostas de mellora. Alén dos comentarios e valoracións que chegan de maneira individual a través de distintas instancias (Decanato, coordinacións de título ou itinerario, PAS etc.), a Facultade utiliza tamén as seguintes enquisas:

- Enquisas de satisfacción institucionais.
- Enquisas de satisfacción propias.

As accións que integran o plan, prográmanse, desenvólvense e avalíanse no marco do proceso *PC-06 Titoría e orientación ao estudante* do [Manual de Procesos e Procedementos](#) do SGIC da USC. Ademais, as propostas de mellora derivadas da análise dos resultados das enquisas de satisfacción e doutros datos relevantes para este proceso inclúense nos informes de seguimento das titulacións e son revisadas anualmente no seo da Comisión de Calidade do Centro.